A Banda Xuvenil de Barro participará na primeira edición do Festival de Bandas de Música de Pontevedra, que se inicia o 26 de marzo, coas bandas pertencentes á **zona de Pontevedra**. As actuacións terán lugar a partires das
18.00 h
. no
Pazo da Cultura

, coa participación de catro bandas (tres en sección segunda e unha en sección primeira). Cada banda de música interpretará dúas obras de libre elección sendo unha delas obrigatoriamente de autoría ou temática galega.

O programa da xornada é:

SECCIÓN SEGUNDA

· **Banda de Música Xuvenil de Barro**. Dir: Alejandro Cimadevila Louzao. Obras: ***Os muíños da Barosa*** **d**
e Adrián Silva
e
Carmen Suite
de G. Bizet

· **Banda de Música Airiños do Morrazo** de Moaña. Dir: Salvador Meira Corrales. Obras: *Airiñ os Aires (Rapsodia Galega)*

de Gustavo Freire e
Ireland: Of Legend and Lore
de Robert W. Smith

· **Banda de Música Artística de Bueu**. Dir: Víctor Manuel López Pazos. Obras: *A miña aldea*
de A. Leira Díaz e
Visions of Flight
de Robert Sheldon

SECCIÓN PRIMEIRA

Banda de Musica de Salcedo. Dir: Andrea Loss. Obras: *Gallaecia* de José Bugallo Senra e
Highlights from Chess
de Ulvaeus & Andersson